

O Conservatorio
Reveriano Soutullo
será dixitalizado

Páxina 3

En marcha a
nova Depuradora
de Ponteareas

Páxina 5

Novo Parque Castelao
en Mondariz

Páxina 7

700.000€ para
humanizar a rúa
Antonio Facorro
na Cañiza

Páxina 9



Entrevista
Alcalde das Neves
José Manuel Alfonso

Páxina 11

Humanización "verde"
no centro do Porriño

Páxina 13

Salceda recibe
700.000€ para o
saneamento de Entenza

Páxina 15



Ponte...nas Ondas!: 30 anos impulsando o patrimonio inmaterial galego-portugués

Páxina 8

Entrevista



Santiago Veloso | Presidente da Asociación
Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas!

"O noso maior logro foi
consolidar un modelo
recoñecido pola UNESCO"

P. 16



EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Retomando ideas atrasadas

Hai uns anos preparei uns apuntes para un programa de radio que logo non foi. Non as rompín e hoxe, facendo limpeza, atopeinos. Pensei que dándolle un lixeiro actualización e posta ao día poderían servírnos para reflexionar sobre o momento que vivimos. Como dixo Lampedusa, “todo cambia para que nada cambie”.

Daquela falabamos da raíña inglesa que retiraba os títulos militares ao Príncipe Andrés por ser cachado en abusos sexuais no caso Epstein. A Casa Real inglesa puxo a un membro da familia no seu sitio. En contraste á Santa Madre Igrexa, a día de hoxe négase a facilitar a relación de casos de abusos detectados entre os membros da Curia.

Pasaba que un o Ministro de Agricultura era asaeteado por PP e Vox en Castela-León na disputa das granxas micro e macro que envelenaban as augas. O ministro tiña razón pero os efectos políticos xa cumpriran o seu cometido: os socialistas non acadaron a Presidencia da C.A. que pasou a mans do PP apoiados por Vox.

Trump xa estaba no candeeiro. Chamáballe covardes aos que se vacinaban do Covid 19. Abascal estaba entre eles, aínda que hoxe estean a partir un piñón. O líder de Vox cría que os contrarios á ciencia eran unha canteira de votos que Trump tiña que aproveitar. Parece que a idea non era tan estúpida dado o crecemento exponencial do seu partido.

Asistíamos a unhas declaracións do Xuíz Eugenio Raúl Zaffaroni, da Corte Interamericana de Xustiza e membro da Corte Internacional de Dereitos Humanos, que reflexionaba sobre as novas formas de dominación: “Hai unha criminalidade financeira transnacional que exerce un enorme poder e que comete delitos”. Hoxe



seguimos sometidos baixo ese Poder financeiro que cada vez ten máis Poder sobre a Humanidade.

A Presidenta madrileña xa soltaba perlas que a día de hoxe constitúen todo un manual de malas costumes ayusianas. No Congreso do PP de Castela-León tiveron que escoitar: “Esta región es cuna del parlamentarismo. Cuando se habla de democracias en el mundo fue precisamente aquí cuando éramos un Reino de León, cuando los ciudadanos comenzaron a tener voz y voto ante el clero y la nobleza. Hoy que se habla del empoderamiento de la mujer, que parece que lo inventó la izquierda. Nació aquí en Castilla”, que seguiría referíndose á Comunidade de Castilla-León como Castela. O seu atrevemento levouna a dicir que os leoneses, aparte de paletos, eran castellanos. A ignorancia popular segue in crescendo e a Presidenta madrileña soña coa presidencia do Goberno Central. Atento Feijóo!

Daquela preguntabámonos se debiera existir unha escola de formar política igual que se forman economistas ou educadores.

Non ocorre nada diso. Hoxe podemos estar mandados por alguén que traballou detrás dun mostrador de supermercado e este feito é suficiente para que descualifiquemos xa de entrada calquera idea que oferte no seu labor político. Se non leva un título colgado do pescozo ninguén lle fai caso.

Agora escoitamos: “a mí me representa mejor un quiosquero que un señor que no paga sus impuestos”; isto ía dirixido a Santiago Abascal. Sen embargo nestes momentos este señor aparece no candeeiro a carón dun tal Trump e lle está marcando o paso á camada popular na maioría das Comunidades onde estes non teñen maioría para gobernar.

Aquí pasa como nas obras de Lope de Vega que “en horas 24 pasaban das musas ao teatro”. Temos a políticos que entraron nas mocidades do partido, foron concelleiros, alcaldes, deputados e xa non pararon de ascender. Son os que se lles di que non deron un pau á auga.

Pero, por que nos estrañamos se somos nós quen quita e pon políticos nas súas poltronas?

En política, os cidadáns son libres de votar por quen desexen. Así está na Constitución, pero logo á hora de votar os cidadáns poden encontrarse con tres posibles situacións:

1.- A dos militantes de partido que non teñen problema á hora de meter a papeleta na urna aínda que nalgún momento teñan que tapar o nariz. Os seus candidatos preséntanse en campaña, soltan catro barbaridades das que teñen o coñecemento que lle puxeron nuns papeis os seus lamecús, dan catro abrazos e tamén uns bicos e xa teñen os votos dos seus asegurados.

2.- A dos cidadáns que non son militantes activos, pero que son carne de

canon propagandístico dende tempos ha. Os xornais que atopan nas cafeterías, as cadeas de televisión e agora eses outros canais mais persoais, que levamos no móbil, tentan de convencelos que determinados políticos deben ser apoiados en contra dos que gobernan, normalmente porque teñen solucións milagrosas para os problemas que lles están preocupando. Como a súa capacidade de análise tende a cero déixanse levar e votan.

3.- A dos que nin son militantes nin teñen amigos dentro dos partidos pero tamén van votar. Estes, que son numerosos, deciden a última hora por calquera cousa que lles teña ocorrido nos últimos momentos. Pode ser a cousa máis baladí pero, como non tiñan decidido o voto chegado o momento, meten a papeleta na urna e danse por satisfeitos. Cumpriron coa obriga democrática de ir votar.

Temos a información e a formación mínima suficiente para discernir entre o que nos ofrecen en campaña e o que de verdade precisamos como cidadáns?

Cando nos chaman a votar non estamos debidamente informados para darlle a resposta axeitada a eses homes e mulleres que se lanzan á piscina. Esta sociedade non se preocupa da formación dos seus cidadáns. Si se preocupa de que coñezan o teorema de Pitágoras, que saiban quen foi Nerón ou Carlos V. Pero coñecer como se foron conformando as sociedades dende aqueles tempos dos romanos ata hoxe, saber como e de que maneira tiveron que pelexar as mulleres para que lles permitiran votar, ou saber o que pasou nos últimos 50 ou 100 anos neste País, xa é outra cousa.

Desfruten da vida o mellor que lles sexa posible e non se amarguen a existencia. Soamente sexan un chisco máis rebeldes; seguro que se senten máis a gusto.

RESTAURANTE
Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994
 Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
 36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com
 Telf.: 986 640 211
 Móvil: 629 614 508

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
 abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas
986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
 T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
 Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
 (36860 PONTEAREAS - GALIZA)
 T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldozero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Dixitalización do Conservatorio Municipal Reveriano Soutullo

O conservatorio municipal Reveriano Soutullo afrontará o primeiro proceso de modernización e dixitalización dende a súa creación no ano 1983. O concelleiro de Ensino, Ricardo González, e a Alcaldesa, Nava Castro acompañados da dirección do conservatorio presentaron ás familias o proxecto que contempla a implantación de recursos electrónicos educativos pero tamén de xestión do centro. O obxectivo é ofrecer un ensino de calidade e rematar coa obsolescencia das actuais ferramentas así como un mellor aproveitamento das instalacións que contan con 220 alumnas/os.

Este proxecto que supón un investimento total de 130.028,00 €, desenvolverase en dúas fases.



A reforma permitirá contar cun software de control e xestión específico para este tipo de centros; hardware de paneis interactivos para 24 salas (11 aulas + 13 cabinas de estudo); pedais bluetooth + trípode soporte tablet; sistema de videoconferencia para sala po-

livalente; sistema de control de accesos. O software de control e xestión ofrecerá unha plataforma integral de xestión académica, comunicación, contabilidade, xerador de horarios baseado en IA e control horario e xestión de ausencias.

Mayor atención para o CEIP Feliciano Barrera

A deputada e líder do BNG ponteareán, Cristina Fernández Davila, visitou as instalacións do CEIP Feliciano Barrera na parroquia de Guláns para coñecer de primeira man as necesidades deste centro, especialmente a dotación dun ximnasio, comedor, eficiencia enerxética, nova calefacción e ampliar o seu profesorado especialmente tomando en conta que "en torno ao 40% do alumnado deste centro atópase en situación de vulnerabilidade, e 3 de cada 10 alumnos e alumnas presentan necesidades educativas específicas".

Davila indicou que estas demandas serían debatidas no pleno municipal do 25 de marzo coa



intención de esixir á Xunta que complete o profesorado especialista para poder dar a atención que precisa o alumnado con necesidades. Informou igualmente que durante o anterior goberno bipartito BNG-PSOE negociou co

propietario dos terreos contiguos a súa compra para poder realizar a construción dunha edificación anexa que posibilitara engadir estes servizos pero "o PP, dende a súa chegada ao goberno, paralizou este proceso".

Cursos para dinamizar as Casas Culturais

O Tenente de Alcaldesa, Juan Carlos González Carrera, informou que abriuse o prazo de solicitude ata o 31 de outubro para que as casas e centros culturais das 24 parroquias ponteareás incluídos na Rede de Casas Culturais do Concello podan realizar cursos específicos didácticos e

de entretemento.

As accións formativas terán unha duración de 15 horas, deberán ter un mínimo de 10 participantes e incluírán de xeito transversal nos seus contidos o tratamento da igualdade efectiva e serán impartidos en lingua galega, co énfase na destreza manual e a mente activa.

Concilia-Tea Semana Santa

O Concello publicou as bases da preinscrición para o campamento Concilia-Tea Semana Santa que permita a conciliación familiar coa laboral. Dirixido a menores de 3 a 12 anos, o programa se levará a cabo no CEIP As Veigas e ofrece actividades que combi-

nan o xogo con actividades creativas, culturais e de coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables. O número máximo de prazas será de 20 con reservada de dúas prazas para alumnado NEAE.

Novo local para Banastra



O Concello cedeu un novo espazo á asociación de comerciantes BANASTRA Centro Comercial Aberto situado na fachada principal do mercado municipal.

ITV móbil para agrícolas

O servizo de ITV móbil para vehículos agrícolas estará no campo do Pardellas, os días

22, 24, 25, 28, 29 e 30 de abril en horarios de mañá e tarde e o 5 de maio só pola mañá.

**Autoescuela
PONTEAREAS**

C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería**

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS

mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

**CENTRAL
AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.**

Agro - Jardín - Ferretería

comercialareas@hotmail.com
986 66 11 91 - 629 52 24 18
Areas Picoto 36861 - Ponteareas

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

800.000€ para aforro enerxético na Residencia de Santa Ana

O Concello de Ponteareas adxudica as obras de rehabilitación enerxética da residencia de maiores Santa Ana en 800.608,73€. Estas obras contarán cunha axuda do Programa de Impulso a la Rehabilitación de los Edificios Públicos (PIREP) do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

Construído en 1979, esta residencia presta servizo a 32 persoas que residen e reciben coidados. A concelleira de Urbanismo, Silvia Fernández Táboas informa que o proxecto contempla a mellora da accesibilidade no acceso principal á residencia pola rúa Santa Ana; a ampliación do número de aseos accesibles en planta baixa; a mellora da envolvente térmica do edificio; e a substitución da iluminación existente por unha máis eficiente.



BNG reivindica a rehabilitación

A concelleira nacionalista Eva Gil amosou a súa satisfacción pola adxudicación das obras de rehabilitación da Residencia de Maiores, un proxecto “que será realidade grazas ao traballo do BNG no pasado mandato, logrando financiamento para un proxecto superior ao 1M€”.

Gil destacou que esta iniciativa

foi “unha das 15 seleccionadas en toda Galicia entre máis de mil proxectos para optar aos fondos PIREP”. Lamentou igualmente que o goberno de Nava Castro decidise “recortar o proxecto a 800.000€ e reduci-lo a un lavado de cara e mellora da eficiencia enerxética e accesibilidade, sen aproveitar a ocasión para actuar na reforma interior do edificio”.

Reforzamento de Protección Civil

O tenente de alcaldesa e concelleiro de Seguridade, Juan Carlos González Carrera e o responsable da agrupación local de Protección Civil, Javier Álvarez, recolleron na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) localizada en A

Estrada os novos equipos e dotación entregados polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o concelleiro de Presidencia, Diego Calvo, para agrupacións de Protección Civil de 86 Concellos.

O equipo inclúe conxuntos de ferramentas eléctricas para a aten-

ción ás emerxencias como unha motoserra eléctrica, un taladro eléctrico, unha caixa de brocas, unha radial eléctrica, unha serra sable eléctrica, un arrancador de batería, un cargador de baterías e unha mochila de transporte xunto aos seus maletíns.

Rehabilitación de vivendas para uso social



Grazas a unha subvención de 216.000€ por parte da Xunta, o Concello rehabilitará vivendas para uso social nº 3, 7 e 9. Esta nova intervención sumará dúas vivendas sociais e tamén o primeiro “Calor Café” do Concello, un albergue para persoas sen fogar que están

en tránsito.

Este apoio súmase ao recibido de Política Social da Xunta de Galicia de 383,611.45€ que permitiu implantar o programa de inclusión social da poboación inmigrante, etnia xitana e outros grupos en situación de vulnerabilidade.

Nova Mesa Local de Comercio

Alcaldesa Nava Castro e o director xeral de Comercio, Gabriel Alén, reuníronse co concelleiro de Comercio, Ricardo González e as directivas do Centro Comercial Aberto Banastra e a Asociación de Comerciantes Tea nunha nova convocatoria da Mesa Local de Comercio.

O obxectivo é dinamizar o comercio local e a súa posta en valor a través de campañas especiais como as de Nadal, San Valentín, eventos de hostalaría como o Saborotea ou o Pinchotea con sorteos e accións que premien ao consumidor e a aplicación de comercio Mercateas.

GASOLEOS TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939
Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

LOVECARS®
www.lovecars.es

A CASA DA TRIGA RESTAURANTE
Abrimos todos os días de 12 a 23:59h
Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS
Non pechamos cocina
PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS
667 40 19 07
www.pontecamper.com

PONTEAREAS

Artistea abrirá a súa segunda residencia

O Concello lanza a segunda das residencias de Artisteia, que terá lugar do 13 ao 20 de abril. A comezos de marzo abriuse o prazo para presentar solicitudes con proxectos das disciplinas de banda deseñada, documental e light art. Haberá un máximo de 8 persoas seleccionadas, con 2 prazas que se reservarán con preferencia: unha para persoas con diversidade funcional motora, psíquica ou sensorial debidamente acreditada, e outra para persoas residentes na comarca do Condado.

A temática dos proxectos par-



ticipantes será libre, pero valorarase positivamente a súa relación con Ponteareas e o Condado, a súa cultura, o seu patrimonio e

as súas figuras históricas. As obras resultantes da residencia serán cedidas temporalmente ao Concello para a súa exposición.

Punto Violeta Virtual

O Concello presentou ante a Garda Civil, Policía Local, responsables do Centro de Información á Muller, responsables de locais de lecer nocturno e directivas de asociacións e comunidades de montes un novo servizo online de Punto Violeta activo os 365 días do ano e as 24 horas. Un recurso ao que acceder a través da páxina web do Concello ou dun código QR presente en pegatinas e cartelería que o Concello distribuíu por establecementos e lugares públicos de alta afluencia tanto no centro urbano como nas parro-



quias.

De acordo a Carlos Tajés, tenente xefe do Posto Principal de Ponteareas, Santiago Rodríguez, e Garda Civil do Equipo VioGen

da Compañía de Tui, en Ponteareas o 21,7% das vítimas teñen denunciado e existe preto dun 80% de violencia sumerxida que non se denuncia.

Un Museo máis atractivo

Alcaldesa Nava Castro e o concelleiro Ricardo González visitaron as instalacións do Museo de Ponteareas coa finalidade de visualizar a súa reorganización. Cun investimento aproximado de 12.000€ realizaranse labores de mellora das estruturas e iluminación. Castro ex-

plicou que se realizará unha reforma máis profunda do Museo unha vez a Biblioteca Municipal sexa trasladada ao edificio que actualmente acolle o mercado de abastos.

Desde 1996, o Museo acolle un importante patrimonio histórico e arqueolóxico dende a época

paleolítica pasando pola romanización e o Medioevo. Destacan materiais dos Castros de Troña e de Fozara, o petróglifo de Chan de Gándara, unha colección de bronzes romanos romana do Coto de Altamira - Taboexa (As Neves), unha pila bautismal medieval e as alfombras do Corpus.

Posta a punto da nova Depuradora



O Tenente de Alcaldesa Juan Carlos González e a concelleira de Infraestruturas, Raquel Bautista, supervisaron a posta en marcha da nova Depuradora localizada na ponte de San Roque e que terá un período inicial de probas de seis meses.

González informou que están acondicionando a zona afectada polas obras debido ao seu alto valor patrimonial. A nova depuradora garantirá que non se verta ao río residuos prexudiciais e recibe o saneamento do centro urbano e da totalidade de todos os colectores.

“Saborotea” promove almozos saudables



Do 25 de abril ao 1º de xuño, a hostalería local acollerá a II edición do Concurso “Saborotea” con premios sobre o “almorzo máis orixinal”, “mellor servizo” e “almorzo saudable”. O xurado estará composto por profesorado de Ciclo Medio de Panadería,

Pastelería e Confeitearía da EFA A Cancela, unha persoa experta en nutrición e membros da Corporación Municipal avaliarán as propostas. Este xurado avaliará un almorzo completo que inclúa os tres grupos nutricionais: cereais, legumes o alimentos de orixe animal.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Un pleno tenso e madrugador



A petición do BNG, a Corporación Municipal realizou o 31 de marzo o pleno municipal sobre o estado do Concello. Un pleno previamente condicionado polo malestar da oposición en torno ao seu inusual horario, as 8 da mañá, que imposibilita a presenza da veciñanza. Con frecuentes momentos de tensión e de interrupción das quendas de palabra, o debate enfocouse no labor que leva a cabo desde 2023 o goberno PP-ACIP-IP.

A Alcaldesa Nava Castro e o Tenente de Alcaldesa Juan Carlos González destacaron principalmente a posta en marcha de iniciativas como as novas ludoteca e escola infantil; a ampliación da cobertura ao SAF cun “histórico orzamento de 5.984.640€”; a primeira residencia de artistas Artisteia e a sede da extensión universitaria da UNED; a rehabilitación da Freixa; o primeiro coworking e centro de dixitalización

no CEDEP; a reactivación da Atención Temprá; os pagos de facturas pendentes; a aprobación do documento estratéxico do Ciclo da Auga para garantir o abastecemento; e o novo mercado municipal na antiga nave de Aceros del Tea, entre outros.

A oposición: “propaganda, postureo e caciquismo”

As reaccións da oposición non se fixeron agardar. O voceiro do BNG Miguel Bouzó valorou o debate como “unha nova mostra da propaganda do goberno de Castro e a dereita” que “vive de rendas, recollendo os froitos da xestión do anterior goberno liderado polo BNG”. Culpabilizou a Castro e González “do desastre urbanístico de Ponteareas” por “querer destruír con promotores inmobiliarios o Plan Urbanístico vixente desde 2021”.

Pola súa banda, a voceira socialista Vanesa Fernández cualificou de “postureo” e de “conducta

tan pouco democrática e opaca” o horario do pleno, indicando que o goberno de Nava Castro “ten unha ducia de peticións de acceso a expedientes sen contestar e moitas solicitudes de veciños e veciñas”. Indicou que seguen paralizados o saneamento e abastecemento de auga, “con 36 fosas sépticas espalladas polas parroquias”; a mellora da recollida do lixo a pesar “da brutal subida da súa taxa a un 85%”; e o plan parcial do polígono industrial da Lomba. Criticou tamén a “nula seguridade viaria” e de “cultura nas parroquias” así como a utilización de edificios como o do centro cívico para Artisteia e a nave de Aceiros del Tea como novo mercado municipal.

Finalmente, o voceiro de Ponteareas en Común (PeC), Manoel Ucha ironizou a intervención de Castro acusándoa de “falta de autocrítica” e de “caciqueo” como práctica de goberno.

A familia Castro-Domínguez está triste



Sempre resulta doloroso a perda dun ser querido pero cando se trata dunha nai a perda alcanza outras dimensións.

A familia Castro-Domínguez, unha das máis numerosas de Galicia, xa sufrira a perda dun membro (a filla maior María del Pilar); hoxe sofre a perda da cabeza de familia: Pilar Domínguez. Unha muller que viviu sempre a carón do seu marido, Pepe Castro (tantos

anos alcalde de Ponteareas) sen apenas destacar máis que como nai de familia e compañeira exemplar. As boas ou malas cousas políticas que puideran afectar ao seu marido sempre as levou cunha asombrosa dignidade.

Dende este humilde xornal queremos mostrarlle a toda a familia Castro-Domínguez o noso máis sentido pésame; que a terra lle sexa leve a dona Pili Domínguez (q.e.p.d.).

Patrocinio das festas locais

Tomando en conta o seu interese turístico, o Concello de Ponteareas abriu a convocatoria para a selección de patrocinadores das actividades incluídas no Plan Anual de Patrocinio 2025, entre elas o Corpus Christi, as festas patronais de setembro, as Festas da

Virxe dos Remedios e de San Miguel, o Concurso de Gaitas do País, a Feira dos Remedios e as Festas de Nadal, entre outras. A convocatoria 2025 establece un importe mínimo por entidade patrocinadora e actividade de 500 euros e un máximo de 20.000 euros.

PINTURAS

BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Coruña

Construcción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
fiosanconstruccion@gmail.com

Servizos técnicos forestais e obra do rural

Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

Casas Locales Fincas Pisos

Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalía de Castro n°4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

Novo Parque Castelao en Mondariz

O alcalde de Mondariz, Pablo Barcia, trasladou á diversas demandas para mellorar as infraestruturas do municipio, nun encontro coa conselleira de Infraestruturas, María Martínez Allegue.

Entre estas iniciativas destacan: melloras na estrada PO-252 Mondariz-Moscoso; arranxo da curva de Lougares, con caída de talude; mobilidade máis segura na ponte entre Val e Riofrío; ensanchamento de curvas e reposición do firme, deteriorado polas escorrentías; acondicionamento do acceso ao cemiterio municipal; solicitude



dun Plan Hurbe para mellorar a subida ao cemiterio e crear prazas de aparcamento; accións en vivenda pública; liñas de axuda

para favorecer o acceso á vivenda no casco urbano; e a creación do novo Parque Castelao na Carballreira fronte ao Cemiterio.

Encontro co cesteiro artesán Enrique Táboas

O Concelo de Mondariz Balneario acolleu este 28 de marzo un encontro co mestre cesteiro Enrique Táboas retransmitido polos servizos audiovisuais da UNED Pontevedra, nunha xornada de presentación dun proxecto colectivo sobre a súa persoa así como de valorización da artesanía, que forma parte da identidade e do patrimonio e un motor e sustento económico para moitas das familias.

De carácter centenariano, a cestería tradicional tomábase de pais a fillos, sendo unha tarefa familiar



común. Enrique Peinador publicou na revista NOS un dicionario das palabras dos cesteiros. A cestería propia de Mondariz e do barrio

de San Pedro de Balneario é a de madeira raxadas, que precisa dividir as tarefas, preparar as láminas e que logo se tezan.

A Cañiza quiere ser a Capital do Xamón



O Alcalde da Cañiza, Luís Piña, anunciou o impulso do proxecto "A Cañiza, Capital do Xamón", unha iniciativa que agarda materializarse en 2026 e que forma parte das actividades do Plan de Sostenibilidade Turística en Destino (PSTD) "Condado Paradanta enogastronómico", desenvolvido

polo GDR do Condado Paradanta e financiado polos fondos Next Generation da UE. Piña, mantivo unha xuntanza co Xerente do GDR, Paco González e Santiago Paz, da consultora "Dos Espacios" de Vilagarcía de Arousa, gañadora da licitación para a asistencia externa deste PSTD.

Iluminación do Paseo de Troncoso

O Concello de Mondariz Balneario investiu 31.797,94€ na mellora do alumado no Paseo de Troncoso dentro do Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra

para optimizar e dotar de iluminación ao paseo. O alumado permanecerá aceso ata as 23:00 horas no inverno, ampliándose no verán para adaptarse ás necesidades de uso.

viveiros canedo
CENTRO DE XARDINERÍA

Rúa Real, s/n - N-120 Telf. 986 669 960
Km. 645,5 info@viveiroscanedo.com
Ponteareas - Pontevedra www.viveiroscanedo.com

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO

POLLOS POR ENCARGO
DROGUERÍA
FERRETERÍA
JARDINERÍA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO

VENTA DE PLANTAS

DISTRIBUIDOR OFICIAL Biona de Bona

C/MIROUCES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO

Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA

the best beer

Hago's

english pub

Mondariz- Balneario

Café Chocolat

Mondariz Balneario

CONDADO/PARADANTA

30 anos a prol do patrimonio inmaterial galego-portugués

A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas! celebrou este 26 de marzo o seu 30 aniversario cunha maratoniada xornada "radiovisual" transmitida simultaneamente pola Rádio e Televisão de Portugal (RTP) e a Radio Nacional de España (RNE) na que participaron 70 centros educativos de oito localidades galegas e portuguesas, sendo estas Vimianzo, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra, Ourense, Vigo, Valença e Lisboa.

En Valença o acto foi realizado na Antiga Alfândega ou Aduana fronteiriza, moi próxima á Ponte Internacional que une con Tui. Alí estiveron presentes artistas, docentes, estudantes e expertos para conmemorar tres décadas de promoción do patrimonio cultural inmaterial compartido entre Galicia e o norte de Portugal.

Cun comezo musical por parte dos alumnos do Coro da Academia de Música dá Fortaleza de Valença, o programa incluíu as intervencións de José Manuel Carpinteira, presidente da Cámara Municipal de Valença; Enrique Cabaleiro, alcalde de Tui; Esmeralda Carvalho



e Santiago Veloso, presidentes de Ponche nas Ondas; e Álvaro Campelo, antropólogo.

A música seguiu estando presente cunha animosa fusión de música galega e portuguesa a cargo de Augusto Canário e Bieito Lobarinhas; as actuacións do grupo Luar do Minho de Valença e do recoñecido músico Pancho Álvarez; e a Cantata de António Variações pola EB 2/3 de Caminha.

Tamén houbo espazo para a investigación, a educación e o diálogo coas intervencións sobre o "trapicho na raia" con Augusta Santana, a cargo da Escola Muralhas do Minho de Valença; a cineasta

valenciana-tudense Diana Gonçalves, sobre historias de mulleres na fronteira; a presentación do proxecto sobre mulleres na Ribeira de Viana a cargo da Escola de Santa María Maior de Viana do Castelo; as lendas e tradicións de Galicia e Norte e Portugal contadas pola Escola de Penafiel Sueste; artesanía e etnografía cunha mostra da Escola de Melgaço e outra de oficios tradicionais polo IEA Pérez Tizón; o proxecto de lendas e de pregóns polo Agrupamento de Monção; e a presentación especial da TUNESCE – Tuna Académica dá Escola Superior de Ciéncias Empresariais de Valença.

Renovación do parque infantil da Graña en Covelo



A Xunta subvenciona con máis de 30.000€ a renovación do parque infantil da Graña en Covelo, dentro d liña de axudas para a mellora de infraestruturas de uso público

da dirección xeral de Administración Local que beneficiou a 16 Concellos da área territorial de Pontevedra por importe total de máis de 520.000€.

IX Plan Municipal de Formación para o Emprego

O Concello de Covelo impulsa este 2025 o IX Plan Municipal de Formación para o Emprego con cursos en Acompañante de Transporte Escolar e Monitor/a de

Comedor; Técnicas de Almacén; Limpeza Industrial; Manipulador de alimentos e alérxenos; Inglés xeral e de comercio e turismo; e Operador/a de Carretilla Elevadora.

Roteiros Guiados 2025

Covelo presentou o programa de Visitas guiadas e Roteiros 2025. As prazas son limitadas e as inscricións previas estarán abertas 1 semana antes de cada actividade e podes reservar o teu lugar cha-

mando ao 654.500.652 ou escribindo a oficinadeturismocovelo@gmail.com. As actividades son gratuítas, financiadas polo Concello e a Deputación. Toda a información, na web www.concellodecovelo.es



Puzo - San Mateo - Pontearreas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Pontearreas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalia de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874



Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO 986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontearreas
milfollas@mundo-r.com

AREAL MADEIRAS



986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

O Tunel
apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41



700.000€ para humanizar a rúa Antonio Facorro

Tras recibir oficialmente a resolución da Deputación de Pontevedra, o Alcalde da Cañiza Luís Piña anunciou a axuda de 700.000,00€ para a financiación da obra a través do “Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra” para a humanización da rúa Antonio Facorro. Unha actuación que ascende a 1.254.366,89€ impostos engadidos.

En marzo de 2022 o Concello adxudicou á empresa Galaicontrol S.L a redacción deste proxecto que contou coas aportacións e suxerencias dos comerciantes e veciños da rúa.

O proxecto abarca unha superficie de actuación de 4.105m², nun itinerario que conecta as zonas verdes da Praza Maior e o Parque Central. Contempla a re-



forma da pavimentación, 31 prazas de aparcamento, instalación de marcas ranuradas e táctiles para invidentes, novos pasos peonís, iluminación, novos mobiliarios urbanos e xardinería e un carril nunha única dirección, entrando

pola N-120 ou pola rúa Botica en dirección á rotonda de entronque coa estrada provincial A Cañiza-Arbo. A circulación nas rúas Novas (Rosalía de Castro, Otero Pedraio, Castelao e Curros Enríquez), mantense sen cambios.

160 prazas para novo aparcamento no Regueiro



O Concello da Cañiza finalizou os trámites municipais para recalificar os terreos que permitirán construír un aparcamento de 160 prazas na zona do Regueiro. O pleno aprobou de xeito provisional o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) para a construción do aparcadoiro.

O proxecto contempla a recuperación paisaxística dun novo estacionamento no lugar denominado “Chan de Lourido”, unha zona arborada de máis de 9.000 m² situada no lugar do Regueiro, na subida que conduce á Casa de Cultura. Contará con accesos dende as rúas Álvaro Cunqueiro e rúa Regueiro.

70 botes líquidos contra a velutina

Por cuarto ano consecutivo, o Alcalde da Cañiza, Luís Piña reuniuse cos máis de 40 apicultores locais para facerlle entrega de 70 botes de líquido atraente que permitirán iniciar nesta primavera os traballos de neutralización dunhas 3.000 colmeas existentes.

Os 70 botes entregados permitirán colocar un total de 560 trampas. Cada bote contén 500 ml de produto para disolver en litro e medio de auga, resultando un total de 2 litros de líquido atraente que permitirán, á súa vez, crear 8 trampas.

Protocolo contra a velutina

O Concello da Cañiza renovou a súa adhesión ao novo Protocolo do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte a Vespa Asiática



(Velutina) da Xunta de Galicia e a FEGAMP.

O convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre a Xunta, a Fegamp e os Concellos na loita contra

esta especie invasora. Unha vez recibido o aviso comunicado polos afectados a través do 012 e 112, o convenio establece a eliminación ou neutralización dos niños activos de avésa asiática cun tempo de resolución dun máximo de 5 días hábiles.

A Cañiza xestionará as colonias felinas



O Alcalde Luís Piña asinou coa Presidenta da Asociación “Cañiza Felina”, Nuria González, o convenio de colaboración que permitirá ter controladas as colonias felinas como obriga a Lei estatal 7/2023, que implica aos Concellos nas tarefas de control destas colonias nos municipios.

Para desenvolver todas estas actuacións e os costes veterinarios derivados do plan de xestión das colonias, o Concello destinará ata un máximo de 1.500€ e a parte correspondente do servizo provincial CAAN destinada a estos efectos, do que o Concello é beneficiario en 50 esterilizacións por ano.

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

acero plus
impresión digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

986 66 03 61
604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julio.perezgiraldes@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

OPINIÓN

Por Xoán Carlos Caballero

Pasar desapercibido no oeste cun smartphone

Na cafetería onde almorzo a diario, que ven a ser unha prolongación da sala de estar da casa, síntome un protagonista de Cheers. Coa diferenza que eu non son nin Woody, Norm ou Frasier Crane, senón un extra. Pero non dos extras protagonistas, que adoitan aparecer sobre 5 segundos, máis ben dos case invisibles, dos que están no fondo do local e cando emiten o episodio búscase a si mesmo para ver si aparece en pantalla e logo contarllo con orgullo aos seus familiares e amigos. No cine e nas series de televisión hai castas ata entre os que non teñen categoría algunha de actor.

Pasar desapercibido ten as súas vantaxes, unha delas é que ninguén sabe o teu nome nin de onde es. Ola bos días, o de sempre, non? Non me fai falta responder, asinto coa cabeza. Creo que son o único cliente que dá a dirección da cafetería aos repartidores para que me deixen as compras que fago on-line. Aínda así, cada vez que recollo o paquete sempre me preguntan como me chamo. Outra vantaxe de ser un cliente discreto é que non sentes a presión de participar nas conversas das persoas que xa forman parte, coma min, do mobiliario do local.

A miña afición, aparte de ler a prensa, é poñerlle alcumes aos clientes. O Diplomático pola facilidade que ten para insultar aos que lle levan a contraria, o Matavacas,



un gandeiro que presume de ter matado vacas a paus, o Chorón porque nada está ao seu gusto. Que si o café está quente, que si frío ou o que si o pan está moi torrado. Speedy González é o que sempre anda con presas e hai que servilo antes que a ninguén. O Capcioso é aquel que cando gaña o Madrid pregunta si sabemos si o seu equipo gañou ou perdeu. Toilet cáeme especialmente ben. Nada máis entrar sempre vai ao baño. Como si o local tivese un efecto laxante que acelerase o seu tránsito intestinal. Para disimular os com-

prometedores ruídos achega as súas mans a máquina secadora que non deixa de funcionar ata que sae do váter.

Outros poderían protagonizar un western, son os indios e vaqueiros. Impoñen a lei do Oeste. Hai que estar en alerta constante para que non te collan de costas. Para evitar verme involucrado nunha emboscada sempre me sento pegado a parede. Estes artistas desenfundan a lingua máis rápido que Pat Garret o seu Colt 44 no día en que matou a Billy the Kid. Non dan opción a responder. Ametrallan a sangue fría con conversas absurdas e con movementos linguais tan rápidos que a xente non se atreve dicir nada para evitar un sufrimento innecesario. Mellor paz que plomo.

Armarse cun móbil ten un efecto disuasorio. Se algún destes chapistas ves que intenta achegarse, colle rápido o teu teléfono e simula unha chamada senón queres estar fodido. É como amosarlle un crucifixo ou un dente de allo a un vampiro. Non sintades pena por eles. Enseguida atoparán a outro incauto a quen chucharlle a paciencia.

Cohabitar nun ecosistema destas características é complicado pero non imposible mentres non aparezan os foraxidos da peor ralea. Aqueles que te tirotean cos seus smartphones, cargados de gigabytes, a todo volume como si estiveran na súa casa vendo a televisión. Teño vivido situacións esperpénticas co eles. Dende es-

coitar chistes de Arévalo, mitins, receitas de Arguiñano, vídeos caseiros e mesmo heavy metal. Motörhead, Iron Maiden, Metallica... a todo

meter. Este día en concreto, o do concerto, indigneime de tal xeito que me levantei e fun cara este cliente para dicirlle que as bandas de rock duro tamén compoñen baladas pensando nos seus fans máis románticos. (Por certo, hai algo máis entrañable que ver a dous tipos duros, con muñequeras de pinchos e camisetas con calaveras, bailando agarrados?) Díxenlle que si sería tan amable de adicarme "Still loving you" de Scorpions subindo o volume, xa que apenas se escoitaba nada. Nin caso. Non me estrañou a verdade, o intelixente era o teléfono, non o seu dono. Senteime e aos poucos minutos comezou a soar "No puedo vivir sin ti" do grupo madrileño Sobredosis. Levantei a mirada e dime en actitude desafiante: "Gústache esta, meu"

No lonxano Oeste había saloons nos que obrigaban a entregarlle as armas aos camareiros para evitar problemas logo dos primeiros chupitos de bourbon ou por si algún "tahúr" fose descuberto cun as de picas baixo a manga. En Minnesota, Idaho ou Wyoming sabían como solucionar as cousas. Aquí si o neno chora, porque se aburre na cafetería, dámoslle o teléfono para que, co volume do aparato a tope, rebente cabezas con bates de béisbol, mutile persoas con catanas ou atropelle o maior número posible de viandantes. Embarazadas e anciáns puntúan dobre.



José Manuel Alfonso | Alcalde das Neves

“A unión entre os vecinos é hoxe o máis destacado nas Neves”

Con vistas á celebración da XXXII Festa do Requeixo e do Mel os días 18 e 19 de abril, o Alcalde José Manuel Alfonso (PPdeG) repasa a actualidade municipal.

Dende que es Alcalde, cales son os feitos máis destacados e os proxectos de futuro?

Entre os feitos máis destacados está a unión entre a veciñanza, sexa da cor política que sexa, algo que antes non existía porque era máis exclusivo, quizáis de esquerdas. Entre os proxectos está a accesibilidade aos núcleos de poboación, que estaba moi deteriorado e non había unha política a seguir. Estamos incidindo no acceso aos barrios e parroquias máis illados. Tamén está o tema da seguridade na PO-400, na que estamos traballando coa Xunta,

tal e como confirmouse coa recente visita da conselleira María Martínez Allegue. O enlace dende Setados está en fase de expropiación.

Tamén coa Deputación estamos traballando na accesibilidade para a Escola de Música de Rubiós e completar a estrada dende Setados ata San Xosé de Ribarteme e San Cibrán Vide. Os desbroces e as franxas de protección tamén son prioridades: mandamos 4.600 cartas aos vecinos para limpeza de montes e estamos observando resultados positivos. Entre outros proxectos están o deporte con pistas de pádel cuberta, ximnasio, sala de fitness e accesibilidade ás piscinas; a construción dunha gran Depuradora no río Xuliana, un proxecto de máis de 1M€. Temos outros proxectos en marcha



Estamos traballando coa GDR Condado Paradanta nunha senda enogastronómica

como a construción da Residencia de Maiores no antigo edificio do cuartel da Garda Civil pero algúns deles están bloqueados por demandas da oposición, un factor que condiciona a adquisición destes activos.

Qué proxectos impulsa nas Neves o GDR Condado Paradanta?

Estamos traballando nunha senda enogastronómica que imos di-

vidir en dúas de patrimonio, unha no Val de Termes e outra no Val de Xuliana, para dar visibilidade á contorna arquitectónica e paisaxística e outra para unir o complexo das Furnas, os Muíños da Xuliana, o castro de Altamira e os petroglifos de A Coutada.

Cómo afecta a PLISAN?

Sen urbanizar porque a Xunta decidiu urbanizar primeiro en Salvaterra. Nas Neves houbo tamén

algún problema de demandas veciñais e das Asociacións de Montes.

Recentemente renunciaron a súas actas o ex alcalde Xosé Manuel Rodríguez e a concelleira Pilar González (BNG). A que cres que obedecen estas dimisións?

Non podo falar con coñecemento de causa; supoño que serán temas internos. Pero gustaríame destacar que no noso partido tamén fixemos unha renovación importante, entrando xente moi nova.

Programa da XXXII Feira do Requeixo e mel

13 de abril

Andaina circular do Requeixo. Saída ás 9:30h da Escola de Cerdeira. Previa Inscripción. Organiza ACD Sanomedio.

14 de abril

II Xornada sobre a Vespa Velutina. Ás 17:00h na Escola de San Cibrán de Ribarteme.

15 de abril

Cata de Meles IXP de Galicia. No Mercado Municipal ás 18:00h. Previa Inscripción.

Taller Infantil “O Mel e o Requeixo”. Ás 18:00h na Biblioteca Municipal. Previa Inscripción.

16 de abril

Mesa redonda Artesanía Alimentaria de Galicia: Requeixo de As Neves produto certificado. Ás 17:00h no Mercado Municipal.
Degustación de Produtos de Artesanía Alimentariade Galicia. Ás 19:00h no Mercado Municipal.

Inscripcións: 674432468 (16:00h a 20:00h)
comunicacion@asneves.gal

18 de abril

11:00h Apertura da Feira.

12:00h Pasarrúas a cargo da Banda de Gaitas Atrancalevadas.

13:00h Pregón

15:00h Actuación da Charanga Os Imperiais.

18:00h Actuación da Charanga Noroeste.

18:00h Espectáculo infantil “A Bailar de Animar-t” no Mercado Municipal.

22:00h Actuación do Grupo Broke Covers.

23:30h Peche da Feira.

19 de abril

11:00h Apertura da Feira.

12:30h Apertura da II Exposición da Camelia. No Mercado Municipal.

13:30h Actuación da Grupo 2Tipos.

17:00h II Certamen de Música Tradicional Transfronteiriza a cargo do Grupo A Casa do Povode Melgaço e o Rancho Santiago de Oliveira.

17:30h Inchables para os nen@s no Pavillón Municipal.

19:30h Actuación do grupo Festicultores.

23:00h Peche da Feira.

23:30h DJ Pitty



LOURIÑA

Galiza pola Paz e contra a OTAN

Coincidindo co 39 aniversario do referendo do ingreso á OTAN en 1986, diversos colectivos convocados polo Comité Anti-OTAN Compostela (COAC) manifestáronse este 12 de marzo en Santiago de Compostela, Lugo e O Porriño na Xornada Galega contra a OTAN e Pola Paz coa finalidade de sentar “as bases da urxente necesidade de edificar un movemento popular contra a guerra e pola Paz”.

Baixo os lemas “Nom ao aumento dos gastos militares”; “Evitemos a escalada bélica que nos conduz à III Guerra Mundial”; “OTAN nom, bases fora” e “Nem um só euro, nem uma soa vida



galega para a sua guerra”, a COAC fixou posición “contra a escalada belicista do setor globalista da

UE, contra o aumento do gasto militar e a depauperación das nossas condicións de vida”.

BNG: “O Alcalde modifica o PXOM para un despropósito urbanístico”

Voceiro nacionalista Pedro Pereira denunciou que o Alcalde Alejandro Lorenzo aproveita a aprobación por maioría absoluta do PP nun pleno municipal realizado en febreiro para modificar o PXOM coa finalidade de incrementar a edificabilidade dos edificios destinados a equipamentos públicos, entre eles o proxecto do novo Auditorio Municipal, para que cumpra coa normativa urbanística.

O Concello está a executar esta obra na parcela onde se localiza o Centro Cultural Municipal, e o BNG do Porriño denuncia neste proxecto un novo caso de inoperancia e de “urbanismo á



carta”. “Lorenzo ten que empregar a súa maioría no pleno para poder legalizar un despropósito urbanístico”, sinalou Pereira. Para o BNG, esta modificación evidencia que a localización escollida para o novo auditorio non é a máis

acaída, toda vez criticou a “falta de planificación” por parte do goberno do PP, que ven de aprobar en pleno municipal a solicitude dunha subvención europea para sufragar parte dos gastos de construción deste novo auditorio.

BNG denuncia “agresión natural” contra o río Louro

Os nacionalistas porriñeses acusan ao goberno de Alejandro Lorenzo de pretender alterar a canle do río Louro, ampliando a lámina de auga creando unha balsa artificial ao seu paso polo centro urbano. Así, “Lorenzo afástase do cumprimento do Espazo Natural de Interese Local (ENIL) acordado por unanimidade en pleno municipal, denunciando que con este proxecto preténdese cometer unha “agresión ao espazo natural”.

O BNG indicou que o Concello

ten sido recentemente denunciado pola Asociación Ecoloxista Verdegaiá por vulnerar repetidamente a Lei de Patrimonio Natural de Galicia, particularmente a través das cortas continuadas de especies invasoras sen seguir os protocolos oficiais, causando problemas ambientais nas Gandaras de Budiño e o río Miño; a contaminación da contorna do río Louro durante os macroconcertos; e o seu silencio ante os continuos vertidos sobre o río Fonteliño da empresa Prebetong Áridos.

A cesteira Julia de la Cal redefine a cestería tradicional

Alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, destacou a importancia da artesanía como elemento clave para o desenvolvemento económico e cultural do municipio durante a visita ao taller La Parabólica da deseñadora e cesteira

Julia de la Cal, que ven de ser galardoada nos Premios Artesanía de Galicia pola súa obra PERIFERIA#01. Esta obra supón unha redefinición da cesta tradicional, experimentando co uso de elementos e materiais máis industriais como o cemento.

Subvención para renovar alumeado en Torneiros

Concello do Porriño vén de solicitar unha subvención de 32.000.00€ para a substitución das luminarias do alumeado público das zonas peonís existentes nas Fases I e IV da urbanización de Torneiros por luminarias LED co fin de aca-

dar un aforro enerxético e unha mellora na seguridade do tráfico de vehículo e peóns. A execución deste proxecto ascende a 48.286,24€. Esta iniciativa responde ás directrices do Fondo de Compensación Ambiental 2025 e ás prioridades do Concello.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

0 centro do Porriño terá un corredor verde

Con un investimento de 255.000€, o Concello vén de presentar dúas actuacións de adecuación de dous espazos públicos urbanos no centro da vila e convertelos en zonas verdes con sombra: unha delas na Avenida de Galicia e outra na rúa Ramón González, que abrangue a zona peonil do centro da vila.

Así se instalarán 16 grandes xardineiras equipadas con árbores autóctonas de gran porte entre as que se inclúen oliveiras de máis de 30 anos de antigüidade. Para a posta en marcha destas



obras, o Concello vén de solicitar unha subvención dentro do programa Galicia Refuxio Climático para sufragar o seu custo.

Exposición “Castelao Grafista”

O Club de Lectura da Biblioteca Municipal do Porriño celebrou o 17 de marzo no Centro Cultural Municipal unha sesión especial en aberto dedicada á figura de Castelao, coincidindo coa exposición “Castelao grafista (facsimile)”, iniciativa enmarcada na conmemoración do Ano Castelao polo 75 aniversario do seu pasamento.

A sesión foi guiada pola coordinadora do Club de Lectura, Ana Abad de Larriva, quen participou como tradutora no catálogo Castelao grafista. Pinturas, dibujos, estampas. A exposición está co-



misariada por Miguel Fernández-Cid e organizada pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester, a Real Academia Galega de Belas Artes e Turismo de Galicia. Enmárcase

dentro da iniciativa Cultura por Alimentos, promovida por Afundación a favor de FESBAL (Federación Española de Bancos de Alimentos).

300.000€ para os polígonos de A Granxa e As Gándaras

O Concello do Porriño ven de solicitar unha subvención á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia para levar a cabo dúas actuacións clave de mellora nas infraestruturas e a seguridade viaria dos parques empresariais de A Granxa e As Gándaras.



Esta iniciativa, cun orzamento total de preto de 300.000 euros e un prazo de execución de tres

meses, busca reforzar a competitividade das empresas locais e fomentar a creación de emprego na comarca. Este proxecto está igualmente enmarcado dentro da estratexia da Rede de Concellos Emprendedores de Galicia, da que O Porriño foi recentemente recoñecido.

230 obras para a XXII edición do Festival de Cans



O Festival de Cans, cuxa XXII edición terá lugar entre o 20 e o 24 de maio, recibiu un total de 230 obras inscritas nas diferentes categorías, o que mantén a liña que iniciou en 2023 de superar a cifra de 200 inscricións. Os

traballos recibidos foron enviados por creadores e creadoras galegos residentes en ata seis países como Bélxica, Portugal, Reino Unido, Alemaña, México e Arxentina, así como noutras cidades españolas como Madrid, Barcelona, Donosti ou Valencia.

Premios Pedigree de Honor e Chimpín de Prata

O Festival de Cans, acordou conceder o seu Premio Pedigree de Honor ao cineasta e produtor compostelá Alfonso Zarauza, coincidindo coa celebración dos seus 30 anos adicado ao audiovisual.

Zarauza é un cineasta clave na historia recente do cinema en Galicia porque representa a correa de transmisión entre as orixes do cinema galego contemporáneo e a corrente do Novo Cinema Galego.

Por outra banda, o Festival



tamén acordou conceder os premios Chimpíns de Prata a Nerea Barros, Uxía Senlle e Adriano Campos, que premian o impulso e a defensa de profesionais e veciños do festival e da aldea.

18 contratacións municipais

A través dun investimento superior aos 282.000€, o Concello do Porriño vén de presentar a solicitude de subvención á Liña 3 do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal da Deputación de Pontevedra co obxectivo de impulsar a activación do emprego local a través da contratación

de 18 persoas para distintos departamentos municipais.

Os postos de traballo son para carpintería, soldador, palista, peóns forestais, auxiliar de enfermería para a Unidade Asistencial de Drogodependencias, conserxería, administración e un publicista-redactor.

Bodas - Comunións

e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

LOURINHA

Salceda terá a súa ruta enogastronómica

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra e Auga e o Concello de Salceda de Caselas asinaron un convenio de colaboración valorado en 95.000€ para levar a cabo unha ruta enogastronómica neste municipio.

A actuación consistirá na creación dun roteiro peonil que conecte o núcleo urbano co Pazo de Pegullal, que actualmente ofrece visitas guiadas con catas de albariños e aceites, cos espazos de referencia gastronómicos, como os arredores do matadoiro, do mercadillo semanal e a Festa dos



Callos, candidata a ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia. No seu tramo rural, discorrirá por escenarios rurais salpicados

de arquitectura popular e elementos etnográficos. O Concello realizará obras de sinalización e de acondicionamento do roteiro.

Realce patrimonial do Camiño por Mos

A presidenta da entidade Galicia Suroeste e Alcaldesa de Tomiño, Sandra González, e a rexedora de Mos, Nidia Arévalo, reuníronse para concretar as obras de iluminación eficiente e artística de elementos patrimoniais do Camiño de Santiago ao seu paso por Mos, financiado con fondos Next Generation.

Con este proxecto intervívase na contorna da capela e o cruceiro das Angustias, na parroquia de Sanguñeda, e na senda entre a capela de Santiaguíño e o Miliario de Santiaguíño de Antas entre as



parroquias de Louredo e Guizán. A intervención suporá un embelecemento do patrimonio do Concello, e ao mesmo tempo permitirá un aforro enerxético de máis

do 55% sobre o consumo enerxético actual. Tras Mos, Galicia Suroeste tamén ampliará este proxecto nos Concellos de Tui e de Gondomar.

Sentenza histórica sobre transparencia nas contas

O Alcalde do Porriño Alejandro Lorenzo foi obxecto dunha sentenza histórica creando xurisprudencia na defensa do interese público en materia de contratación ante o reclamo por parte da empresa Nexia que desde 2018 esixía o pago de facturas por un importe total de 352.000€.

Sendo nese momento concelleiro, Lorenzo decidiu levar o caso ata o final. Agora a xustiza deulle a razón. Ningunha das facturas era llexítima, xa que

non existía contrato algún que amparase eses pagos, ademais de que os pagos non estaban debidamente xustificadas en base ao mercado. Todo isto a pesares de que a empresa e o entón goberno local argumentaran que Lorenzo non tiña dereito a levar adiante esta causa.

Esta sentenza non só evitou o pago indebido de 352.000€ senón que tamén foi clave para a devolución de case 2,5M€ en facturas que o anterior goberno pretendía pagar sen garantías.

Fli-Po Market promoverá a sostibilidade

A Praza 8 de Marzo, na Avenida de Galicia, será o escenario dunha iniciativa pioneira para promover o consumo responsable durante a primeira fin de semana de maio. O Fli-Po Market, organizado polo Concello, ofrecerá un espazo para a compra, venda e intercambio de produtos de segunda man.

A iniciativa contará cunha ampla programación de activi-

dades lúdicas, música en directo e unha variada oferta gastronómica con postos de comida. Durante ambas xornadas, os asistentes poderán gozar de espectáculos en directo, food-trucks, obradoiros infantís e un showcooking. As persoas interesadas en participar ofrecendo produtos de segunda man poderán presentar a súa solicitude ata o 18 de no Rexistro do Concello.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 50
633 60 12 57
josefux.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abraldes Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Porriño (Pontevedra) abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURÍA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisla.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

Salceda recibe 700.000€ para o saneamento de Entenza

A Deputación de Pontevedra comunicou oficialmente ao Concello a concesión de 700.000€ para o saneamento de Entenza, que supón a contía principal desta obra que alcanza os 875.000€, e dos cales 175.000 son achegados polo Concello tamén a través dun Plan da Deputación de Pontevedra.

A obra será executada polo Concello ao ser unha prioridade do Goberno Local e marca o cumprimento dunha débeda histórica con esta parroquia pola que poderán contar con saneamento un-



has 120 vivendas. O Concello traballa tamén na ampliación das melloras a través da convocatoria dun concurso de licitación.

Aposta polas novas tecnoloxías

O Concello de Salceda de Caselas celebrou este 26 de marzo a segunda sesión da iniciativa “Puntos de Atención Dixital”, un proxecto pioneiro que a Fundación Esplai está a desenvolver mensualmente neste municipio para dar resposta ás necesidades manifestadas polas persoas maiores na resolución de dúbidas e problemas co manexo dos dispositivos electrónicos (móviles, tabletas, etc). A Fundación realiza



este proxecto en estreita colaboración coa Concellaría de Benestar Social e Ensino que dirixe Selene González.

Clubes deportivos piden novo Pavillón Municipal

A comunidade deportiva de Salceda denuncia a insuficiencia de espazos deportivos dispoñibles para os seus usuarios, actualmente de máis de 600 deportistas, que deben compartir un único pavillón de titularidade municipal, dispoñible a tempo completo, e outros dous propiedade da Comunidade de

Montes de Entenza e do IES Pedras Rubias, o que provoca problemas de adestramentos e horarios.

Ante esta situación, iniciaron unha campaña de recollida de sinaturas co obxectivo de presentar esta demanda ante a Xunta e a Deputación de Pontevedra para expor o problema e buscar finan-

ciación. En febreiro pasado, o Concello comprometeuse a solicitar o Plan Extraordinario 2025 da Deputación, dotado con 875.000€ co obxectivo de destinar estes fondos ao proxecto do novo pavillón; unha petición da que van da man os clubs salcedenses. Esta infraestrutura ten un custe moi elevado, valorado en 1.900.000€.

Saneamento en trece vivendas do barrio da Presa



Alcaldesa de Salceda Loli Castiñeira, acompañada do Concelleiro de Axenda Ecolóxica, Marcos Troncoso e das representantes da Asociación Veciñal de Parderrubias, visitaron as obras que se están a realizar nun tramo de 544,10 metros de lonxitude no barrio da Presa que permitirá dar servizo a un total de 13 vivendas, to-

mando en conta os problemas ambientais causados polas filtracións de augas fecais.

O proxecto foi encargado e financiado polo Consorcio de Augas do Louro, sendo o Concello quen o executa contando con unha subvención de 132.067,76€ do Plan +Provincia 2024 da Deputación de Pontevedra.

I Festa “Artes e Sabores”



Coa finalidade de dar a coñecer as súas actividades, a Asociación Veciñal Caselas celebrou os días 29 e 30 de marzo a I Festa Artes e Sabores cun total de 50 postos con produtos de artesanía e gastronomía, así como obradoiros e xogos para a rapazada.

A música tamén estivo presente coa participación de Antonio Barros e Alma así como grupos de gaitas, pandeiretas e música tradicional. O Concello colaborou con este evento no marco do programa “Salceda Móvese”.

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmg@a@hotmail.com

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684
C/. Cando, 15
O PORRIÑO

986 642 719
C/. Alcalde Daniel Ojea, 10
PONTEAREAS

Santiago Veloso | Presidente da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas!

"O noso maior logro foi consolidar un modelo recoñecido pola UNESCO"

Creanda en 1995 como un "experimento", Santiago Veloso é un dos fundadores e actualmente presidente da Asociación Cultural e Pedagóxica "Ponte...nas Ondas!" (PNO!), recoñecida en 2022 pola UNESCO como Modelo de Boas Prácti-

cas. Co gallo do seu 30º aniversario a celebrarse este 26 de marzo repasamos varios dos momentos máis importantes desta entidade que impulsa o recoñecemento mundial do patrimonio oral inmaterial galego-portugués.

Entrevista de Guillermo Rodríguez e Roberto Mansilla Blanco
Como lembrás aquela "voda real" que se organizou entre un "príncipe portugués" e unha "infanta galega", antecedente de Ponte... nas Ondas!?

A semente de Ponte...nas Ondas! foi un acto que fixemos en Leirado (Salvaterra) Eu viña de ser profesor de galego en Mondariz e no ámbito pedagóxico estaba moi de moda o vídeo escolar. Aí fixera un proxecto denominado "Castrexos e Romanos" que era a recreación da romanización dun castro realizado no de Troña e que recibiu un premio da TVE.



En 1993 marchei para Leirado e Guillermo Rodríguez animoume a facer unha iniciativa similar con Portugal. Fumos así a Monção e fixemos na escola secundaria un vídeo denominado "Os amores que o Miño separa", baseado nun poema de João Verde e réplica de Amador Saavedra. Presentamos o proxecto á TVE para un concurso de guións. Foi seleccionado e preparamos a escenografía para filmar o día que viña o equipo da TVE. Na praza de Salvaterra, onde estaba o Concello vello, organizamos unha especie de mercado medieval onde chegaba un príncipe portugués con toda a súa delegación, que eran os alumnos da Escola Preparatoria de Monção, a casar coa princesa galega onde estaba todo do CEIP de Leirado, uns 200 rapaces, escenificando a unión entre os dous lados simbolizado nese príncipe portugués e a infanta galega. O vídeo pode verse en YouTube.

Pensabas daquela que ese xérmolo das relacións entre os dous países se convertería no que hoxe coñecemos como Ponte...nas Ondas!?

En absoluto porque foi realizado o ano anterior ao que fixemos o primeiro Ponte...nas Ondas! (marzo de 1995) Ao ano seguinte marchei ao colexio Ramiro Sabell de Ponteareas e aí había un estudio para desenvolver unha radio escolar. O director do instituto animoume a facer radio como instrumento educativo. Xa daquela comezaba a falarse, e levantou moita expectación na comarca, da creación da Ponte Internacional entre Salvaterra e Monção. Pensei que a través da radio podíamos facer unha "ponte" coa escola de Monção. Ao lado desa escola estaba a emisora "Ecos da Raia", unha radio local profesional. Esta emisora colaborou tamén coa instalación dunha antena de radio na escola Ramiro Sabell para conectar vía FM con Monção. En Salvaterra fixemos un estudio radiofónico na Casa da Cultura e conectamos coas escolas de ámbalas dúas comarcas para facer a inauguración da Ponte Internacional simultaneamente cos actos institucionais. Éramos 16 centros educativos en total e a programación radial durou das 10 am ata as 11 pm.

Cres que nestes momentos sería posible poñer en marcha algo semellante a Ponte nas Ondas! no ámbito educativo?

Claro que é posible e con moitas máis facilidades técnicas. E de feito ímolo facer o 26 de marzo, con motivo do 30 aniversario de PNO! Participarán 65 centros dende 8 lugares de Galicia e Portugal nunha xornada radiovisual, a radio por Internet, un concepto que creamos. Incluso se buscas na Intelixencia Artificial verás que fai referencia a PNO! como pioneiro en radiovisual.

Ponte...nas Ondas! chega aos seus 30 anos. Que logros máis importantes destacarías durante esta etapa?

O gran logro é consolidar un

modelo que foi recoñecido pola UNESCO. Partimos en 1995 cun experimento denominado como Xornada Experimental de Radio Interescolar, ata consolidar un modelo de patrimonio cultural inmaterial grazas á achega de miles de profesores co seu traballo nas aulas coa radio e o patrimonio, as novas tecnoloxías e a comunicación. Ese modelo foi proposto á UNESCO polos dous Estados, España e Portugal, e o principal recoñecemento vén dado por un labor de avaliación exhaustiva e que ese modelo sexa replicable en calquera contexto noutras partes do mundo. Outros recoñecementos foron tamén importantes porque axudaron a reforzar o traballo dos centros educativos.

Tras alcanzar en 2022 o Modelo de Boas Prácticas pola UNESCO, podemos agardar pronto o ansiado recoñecemento como Patrimonio Cultural Inmaterial?

Agardamos que si. Unha parte importante do noso traballo foi poñer en valor o patrimonio inmaterial, un concepto descoñecido e totalmente novidoso no ámbito educativo e social. Hai que tomar en conta que foi unha candidatura promovida e avaliada por centros educativos e institucións deses dous países, non só polos Estados senón tamén pola Xunta de Galicia que avaliou esa candidatura en 2004 para que o patrimonio inmaterial galego-portugués fora declarado como Patrimonio da Humanidade. E así en 2022 o noso modelo foi recoñecido pola UNESCO como Patrimonio da Humanidade. Agora falta recoñecer o esencial que é o patrimonio común inmaterial entre Galicia e o Norte de Portugal.

Que programación está prevista para este 30 aniversario?

O día 26 de marzo calquera persoa poderá ver desde o noso portal de PNO! e o de Escolas nas Ondas o radiovisual que se está a facer en Lisboa, Valença, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ourense, Santiago e Vimianzo. Será protagonizado por máis de 2.500 alumnos



en directo; e persoas portadoras do patrimonio inmaterial de diversos ámbitos (musical, artesanal, oficios, baile, narradores) A programación se fará desde as 10 am ata as 15 horas en auditorios, centros culturais, o Instituto Español de Lisboa, universidades e pazos de Cultura.

Cada vez máis centros educativos súmanse ao programa de PNO! Está aumentando a sensibilidade no mundo educativo e cultural sobre a preservación do patrimonio inmaterial galaico-portugués?

Evidentemente, tanto o patrimonio inmaterial como a radio. Agora mesmo a radio escolar é un boom en tódolos centros. A escola está integrando o patrimonio inmaterial nas prácticas educativas e pedagóxicas como un recurso transversal porque é tamén unha das liñas que impulsa a UNESCO. Pola súa proxección mundial, o patrimonio é tamén unha fonte de recursos para concienciar aos máis novos.

Neses programas de radio, cales son as temáticas principais que tocan os alumnos galegos e portugueses?

Prácticas de interese común como deportes, música, a vida cotiá, os valores culturais da súa contorna, as festas, tradicións, xogos, etc.

Dende outras partes de España fronteirizas con Portugal teñen visto tamén este modelo de PNO! como unha referencia?

Absolutamente confirmado, principalmente no caso de Andalucía. Ven con admiración o noso traballo, especialmente antropólogos que traballan no Atlas do Patrimonio Inmaterial de Andalucía, considerado un referente mundial. E así nolo fixeron ver en 2023 cando viñeron ao Congreso "PCI e Educación. Ponte entre Escola e Sociedade" en Ourense algúns deses antropólogos andaluces. En Estremadura teñen

un programa de radio escolar moi potente con Portugal e tamén nos ven como unha referencia. Obviamente, nós temos unha vantaxe con Portugal por ter un idioma "franco" que convive espontaneamente. O idioma de Ponte...nas Ondas! é o galego-portugués. E PNO! pode contribuír entre a mocidade a que o galego siga vivo a través da transmisión oral radiofónica.

Mirando ao futuro, que novos proxectos ten en mente PNO!?

O que máis nos gustaría é que se consolidara esa rede de centros que traballan co modelo PNO! porque consideramos que son un referente mundial sobre o patrimonio inmaterial no ámbito educativo. A Consellería de Educación está creando esa rede en Galicia e o Ministerio de Educación de Portugal está formando profesores co modelo PNO!. Son dúas formas de divulgar o modelo PNO!.

Entre Galicia e Portugal sempre imos ter unha fonte inesgotable de proxectos culturais. Un dos nosos soños é a concreción do Centro do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués na Alfândega de Valença cunha ponte á Radio Municipal de Tui. Asinamos con anterioridade un memorando de colaboración coa AECT Rio Minho.

Imos publicar un Cancioneiro da Tradición Oral galego-portuguesa, tomando en conta que o vindeiro Día das Letras Galegas estará adicada á literatura oral. Quizáis en Galicia e Norte de Portugal non temos conciencia de que existe un cancionero común, con letras comúns que se cantan igual aquí que en Ponte de Lima, Braga ou Porto. Estas cantigas das nosas cantadeiras e as "desgarradas" portuguesas son as que imos recoller nese cancionero común. Porque queremos que este Día das Letras Galegas 2025 sexa o Día das Letras Galego-Portuguesas e que no Norte de Portugal tamén se celebre.